

# Lembranza do mestre Segundo Vázquez Portomeñe (1940-2019)

O pasado 9 de xaneiro de 2019 finou na súa Taboada natal Segundo Vázquez Portomeñe, quen fora director do departamento de Cultura e Programas da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 93 e posteriormente xefe de servizo de Promoción do Camiño de Santiago na Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para pasar despois anos felices de docencia no Instituto Xelmírez I de Santiago de Compostela, como profesor de Xeografía e Historia. O seu valioso e inspirador traballo no Xacobeo, á fronte dun nutrido e variado equipo de traballo, logrou o deseño e elaboración de moitas iniciativas culturais e de desenvolvemento rural que forxaron de calidade e expectativas de futuro a programación do Xacobeo 93.

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación e mestre vocacional dende a súa xuventude, Segundo Vázquez desempeñou a súa docencia en colexios de Asturias e Galicia nas décadas de 1960-1980, e foi nomeado xefe de gabinete da Consellería de Educación en 1989. Foi un dos creadores e impulsores dos Gabinetes Psicopedagóxicos, que atenderon problemas de linguaxe dos alumnos que así o precisaban, e dirixiu o departamento de Orientación do compostelán CEIP Apóstolo Santiago. A esta dedicación docente engadiulle unha fonda preocupación pola cultura tradicional e a mellora económica e social do rural galego, cofundando a asociación Instituto de Desenvolvemento Comunitario de Galicia (IDC). A través dela realizáronse importantes achegas culturais e de crecemento económico en concellos e bisbarras, coa participación de programas europeos de dinamización socioeconómica e cultural que facilitaron a recuperación de patrimonio e actividades vencelladas á economía local.

Esta cosmovisión cultural e creativa logrou unha mellor perspectiva de traballo dende a dirección do departamento de Cultura e Programas do Xacobeo 93, liderando a programación cultural, festiva e de desenvolvemento que a Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno da Xunta de Galicia organizou no ano santo compostelán 1993, tanto na cidade de Santiago como en diversas localidades das rutas xacobeas galegas. Unha actividade que Segundo Vázquez completou con produtivas relacións transnacionais establecidas en viaxes de traballo por Francia, Bélxica, Italia, Dinamarca e Alemaña, amplas lecturas e participacións en encontros e congresos de estudos xacobeos organizados por institucións, gobernos e asociacións de amigos do Camiño de Santiago.

Coa súa formación, o seu permanente interese polo Camiño e os seus valores, e de tanto andar na sementeira xacobeá, Segundo Vázquez abordou nos últimos



Segundo Vázquez Portomeñe.

anos a coordinación dun monumental traballo colectivo denominado *La gran obra de los caminos de Santiago*, con dezaseis valiosos volumes publicados –o último deles, o dedicado ao Camiño Inglés, en novembro de 2017– e varios máis no prelo, escritos por historiadores, xornalistas, filólogos, xeógrafos, xuristas e outros profesionais de variadas materias.

Tiña don Segundo a fortuna de posuír calidades humanas que o facían moi querido e respectado nos seus círculos de amizade. Excelente relator de historias de aldea –nunha especie de tradición cunqueiriana coa que mesturaba o maravilloso co cotián–, delicado poeta e divertido membro do faladoiro compostelán “Martes Culturais”, no que con maxisterio e amenidade compartía a súa particular e orixinal visión de acontecementos e anécdotas da Historia con maiúsculas e da vida corrente, o mestre Segundo Vázquez Portomeñe deixou unha herdanza que non é doada de partillar, pois a súa solidez intelectual, intelixente amenidade, fino humor e fonda espiritualidade constitúen un monumento que, sen desunir, evitando cuartear, merece o seu posto de honra no modélico grupo de personalidades que construíron a identidade xacobeá nos finais do século XX e inicios do XXI.

Francisco Singul